



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1764/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de OUTUBRO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cincuenta minutos do día once de outubro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(823).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(824).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA DE ESTADO DE DEREITOS SOCIAIS Ó ABEIRO DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE OPERACIÓNS NO MARCO DO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL, GARANTÍA INFANTIL E LOITA CONTRA A POBREZA, COFINANCIADO CO FONDO SOCIAL EUROPEO PLUS (FSE+). Expte. 272711/301.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/10/2024, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.1. O BOE num. 172 o 17 de xullo de 2024 publica a resolución de 4 de xullo de 2024, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se aproba a convocatoria para a selección de operacións no marco d Programa de Inclusión Social, Garantía infantil e loita contra a Pobreza, cofinanciado co Fondo Social Europeo Plus (FSE+)“

I.2. A presente resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocatoria única para a selección, en réxime de concorrencia competitiva, das operacións de proxectos de innovación ou experimentación social executados por entidades sen ánimo de lucro, entidades da economía social ou ente locais, que recibirán cofinanciamento do FSE+, no marco do cuarto obxectivo da política de cohesión da Union Europea no período 2021-2027: Unha Europa máis social e inclusiva, para a prioridade 6: Innovación Social.

I.3. As operacións obxecto desta resolución, deben enmarcarse nalgunha das seguintes medidas incluídas no tramo do Programa estatal FSE+ de **Inclusión Social, Garantía Infantil e Loita contra a Pobreza** e son as seguintes:

.-Proxectos de innovación social para a mellora da empregabilidade e a vida independente (6.H.01).

.-Accións para a consecución de iniciativas innovadoras de impacto social que fomenten o acceso a servizos (6.K.01)

.-Proxectos de innovación social para pilotaxe da adopción aberta (6.K.03)

.-Medidas de fomento da preservación familiar e retorno ás familias a través de proxectos de experimentación social e innovación social (6.K.04)

.-Medidas para definir modelos de intervención exitosos para a mellora da saúde mental de menores e adolescentes que estean dentro do sistema de protección para a mellora dos seus resultados académicos.(6.K.05).

I.4. Os proxectos deben perseguir aumentar e mellorar as oportunidades das persoas para vivir de forma autónoma e independente, mantendo a súa residencia habitual. Priorizaranse as solucións que garantan unha atención integral e un enfoque comunitario.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1764/1102

I.5. O Concello de Vigo pretende, dentro da liña 6.k.01 o proxecto: **“Novas tecnoloxías para mellorar a calidade de vida das persoas con dependencia e/ou mobilidade reducida”**

As novas tecnoloxías teñen un gran poder transformador no apoio psicosocial no domicilio para persoas con diferentes graos de dependencia. Estas tecnoloxías non só amplían o alcance do apoio psicosocial, senón que tamén melloran a calidade da atención, brindando ferramentas adaptativas e accesibles para un maior benestar emocional e, por tanto, unha mellora na calidade de vida das persoas.

As persoas con necesidades especiais que presentan un grao de dependencia alto, enfróntanse a desafíos significativos na súa vida cotiá que requiren asistencia e apoio específico para afrontar algunhas actividades diarias.

Un aspecto fundamental é o apoio psicolóxico que precisan para mellorar a calidade de vida, tanto das persoas dependentes como dos seus cuidadores. A maioría das veces, os familiares asumen o rol de cuidadores, o que é común que lles xere estrés e esgotamento, sendo fundamental proporcionarlles formación e acceso a recursos de apoio para aliviar a súa carga.

Con carácter xeral, a implantación de novas tecnoloxías no domicilio, no ámbito dos cuidados, permiten:

1. **Accesibilidade:** facilitan o acceso aos servizos de benestar emocional para persoas que, doutro xeito, terían dificultades para obter axuda por mor das barreiras económicas, de mobilidade, etc.
2. **Rapidez:** permiten recibir apoio en tempo real o que é especialmente valioso en situación de crise ou emerxencia.
3. **Anonimidade e comodidade:** a posibilidade de interactuar de xeito anónimo reduce o estigma asociado á busca de axuda, para que as persoas se sintan máis cómodas para expresar as súas preocupacións e emocións.
4. **Flexibilidade:** os servizos tecnolóxicos poden adaptarse ás necesidades e horarios das persoas usuarias, ofrecendo sesións nos momentos que lles sexan oportunos.
5. **Variedade de recursos:** a tecnoloxía oferta unha ampla gama de ferramentas dende terapia en liña, ata aplicacións de autoaxuda, que poden complementar o apoio tradicional.
6. **Educación e sensibilización:** as plataformas dixitais permiten a difusión de información de interese e relevante, promovendo a educación, a conciencia na comunidade, o ocio compartido.
7. **Seguimento e avaliación:** a plataforma dixital facilita o monitoreo dos progresos das persoas usuarias, permitindo aos profesionais axustar as súas intervencións de xeito máis efectivo.
8. **Interacción social:** esta comunidade en liña permitirá a conexión entre persoas, con características e experiencias similares, creando redes de apoio que poden ser moi beneficiosas, sobre todo, en situacións de soidade non desexada.

9. **Innovación en tratamentos:** a realidade virtual, a gamificación e outros enfoques tecnolóxicos, permitirán con este proxecto abrir novas posibilidades para intervencións psicosociais, facéndolas máis efectivas e atractivas.

No caso de Vigo, o goberno municipal realizou o primeiro mapa da soidade a través dos servizos sociais que incluíu entrevistas a máis de dúas mil persoas maiores, nas que se afondou nas súas inquedanzas e necesidades. Un enorme problema social detectado, especialmente agravado despois do COVID, é a soidade non desexada, así como o impacto emocional nas persoas maiores que viven soas ou son dependentes con necesidades de coidados complexas. Hai que salientar que en Vigo case 70.000 persoas teñen máis de 65 anos, das que aproximadamente 18.000 viven soas.

Un recente estudo da Fundación ONCE e a Fundación AXA, a través do Observatorio Estatal da Soidade non Desexada, revela que o 46% das persoas que viven soas en Galicia padecen soidade non desexada, polo que en Vigo, serían cerca de 8.000 as persoas afectadas por esta problemática.

I.6. Obxectivos do proxecto:

O obxectivo principal do proxecto que se propón é proporcionar apoio psicosocial a persoas dependentes a través das novas tecnoloxías, concretamente, mediante aplicacións dispoñibles en SmartTVs, cos seguintes obxectivos específicos:

- Combater a soidade non desexada
- Atrasar o deterioro cognitivo
- Aumentar o benestar emocional
- Mellorar as oportunidades das persoas para vivir de acordo coa súa vontade e preferencias, alongando ao máximo a súa estadía no fogar e na súa contorna comunitaria.

Este proxecto ten unha base de innovación tecnolóxica, xa que vai desenvolver solucións innovadoras para conseguir os obxectivos mencionados, de xeito que se poidan aportar recursos e acompañamento necesario para persoas con necesidades especiais, que teñan un grao de dependencia alto -considerando como posibles persoas destinatarias, preferentemente, aquelas cunha porcentaxe de discapacidade igual ou superior ao 65%. e/ou graos II/III de Dependencia. Ademais das propias persoas con dependencia, este proxecto abordará tamén as necesidades das súas familias e/ou persoas coidadoras.

Será un paso que virá a complementar a actividade que xa está a desenvolver o Concello de Vigo en materia de coidado de persoas dependentes.

- Teleasistencia
- Atención de Axuda no Fogar
- Avellentamento Activo, “Vigo, cidade amiga dos Maiores”
- Apoio fóra do domicilio (Coidadores de Barrio)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1764/1102

I.7. **FINANCIAMENTO.** A axuda do Fondo Social Europeo Plus (FSE+) cubrirá ata o 95% do custo total de cada operación, quedando o 5% restante a cargo da entidade beneficiaria. O importe subvencionable mínimo dos proxectos será de 350.000 euros e o importe máximo será de 500.000 euros. A intención do Concello de Vigo é a de solicitar o importe máximo da dita subvención.

I.8. **PERÍODO EXECUCIÓN:** o período de execución comezará a partir da notificación do Documento de Condicións da Axuda (DECA), e terá un período máximo de 24 meses.

I.9. CAPACIDADE ADMINISTRATIVA

A estruturación orgánica do Concello de Vigo en relación á xestión municipal atópase organizada como un municipio de gran poboación desde a entrada en Vigo da Lei 57/2003, do 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Dito marco normativo distingue unha especial estrutura de goberno para este tipo de Concellos, atribuíndo á Xunta de Goberno Local, fronte aos de réxime común, a natureza de órgano colexiado executivo que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de maneira colexiada na función de dirección política que a este lle corresponde, exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas. Esta atribución normativa deriva na asignación dun relevante núcleo de competencias propias recollidas no artigo 127 LRBRL, cun claro impacto na xestión diaria dos asuntos de interese municipal.

En relación ás competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, Resolución Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados, de data 22.06.23 e Resolución de competencias específicas do Alcalde na Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude de data 28.06.2024.

I.3. Entendemos que o Concello de Vigo cumpre cos requisitos para solicitar a subvención na liña 6.K.01: ***Iniciativas innovadoras para o acceso aos servizos a través de proxectos que melloren o acceso aos servizos (coordinación sociosanitaria), especialmente para persoas maiores en situación de dependencia e con necesidades de apoio complexas.***

I.10. Entre a documentación a presentar inclúese “Certificación da entidade en que conste o acordo ou resolución da entidade local de solicitar a subvención”.

PROPOSTA DE ACORDO:

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

1. Solicitar a subvención para desenvolver o proxecto “**Novas tecnoloxías para mellorar a calidade de vida das persoas con dependencia**”, ao abeiro da resolución de 4 de xullo de 2024, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se aproba a convocatoria para a selección de operacións no marco do Programa de Inclusión Social, Garantía infantil e loita contra a Pobreza, cofinanciado co Fondo Social Europeo Plus (FSE+)“, na liña “**6.K.01: Iniciativas innovadoras para o acceso a servizos a través de proxectos que melloren o acceso a servizos (coordinación sociosanitaria), especialmente para persoas maiores en situación de dependencia e con necesidades de apoio complexas**”.

2. Delegar na Concelleira da Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude, Yolanda Aguiar Castro, a representación legal da entidade e a competencia para a formalización da solicitude de subvención na convocatoria regulada pola Resolución de 4 de xullo de 2024, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se aproba a convocatoria para a selección de operación no marco do Programa de Inclusión Social, Garantía Infantil e Loita contra a Pobreza, cofinanciado co Fondo Social Europeo Plus (FSE+).

A dita delegación alcanza a todos os efectos, a conformación final do contido do proxecto, a documentación obrigatoria, así como a execución de todos os trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma no portal de axudas do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030.

Con todo, a XGL decidirá co seu superior criterio o que estime procedente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(825).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO E SUBMINISTRO DUNHA EXPOSICIÓN BELENÍSTICA NAS CAMPAÑAS DE NADAL 2024-2025 E 2025-2026. Expte. 10070/106.

Visto o informe de fiscalización do 10/10/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo e subministro dunha exposición belenística nas campañas de Nadal 2024-2025 e 2025-2026 (10.070-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1764/1102

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación da realización dunha exposición belenística orientada a un público adulto e infantil durante as campañas do nadal 2024-2025 e 2025-2026 (10070-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto mixto de servizos e subministro, a subministración, transporte, instalación, vixilancia, mantemento e desmonte dun Belén Monumental orientado a un público adulto e infantil nas Campañas do Nadal 2024-2025, 2025-2026, así como o control de accesos á exposición situada no edificio municipal da Casa das Artes en Vigo.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 03/06/2024, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23/07/2024.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 192.461,36 euros (o importe sen IVE é de 159.058,98 €; o IVE é de 33.402,38 euros); dos cales 79.640,51 euros corresponden á anualidade 2024 con cargo á partida orzamentaria 4310.2279901 (PROGRAMA DE DECORACIÓN E ANIMACIÓN DO NADAL), 96.230,68 euros á anualidade 2025 e 16.590,17 euros á anualidade do 2026.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de setembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación da realización dunha exposición belenística orientada a un público adulto e infantil durante as campañas do nadal 2024-2025 e 2025-2026 (10070-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	AGRUPACIÓN BELENISTA LA MORANA	77,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AGRUPACIÓN BELENISTA LA MORANA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AGRUPACIÓN BELENISTA LA MORANA, o día 16 de setembro de 2024, que presenta documentación requirida que, comprobada pola Mesa de Contratación, na sesión de data 3 de outubro de 2024, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais á licitadora para que puidera emendar a documentación relativa ao certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- Os estatutos da asociación onde figura o nomeamento do seu representante, o DNI do mesmo e a certificación de inscrición da asociación e o nomeamento dos cargos da mesma, da Secretaría Territorial da Junta de Castilla y León en Zamora
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (115.476,82 €), presentan as Modelo 347 da AEAT do ano 2023 nas que o importe neto do volume de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (115.476,82 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención no prezo do contrato do importe da garantía definitiva (7.952,95 €).

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 10 de outubro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1764/1102

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AGRUPACIÓN BELENISTA LA MORANA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AGRUPACIÓN BELENISTA LA MORANA, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e o seu informe complementario, de datas 9 e 11 de setembro de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 13 de setembro de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AGRUPACIÓN BELENISTA LA MORANA o procedemento aberto mixto para a contratación da realización dunha exposición belenística orientada a un público adulto e infantil durante as campañas do nadal 2024-2025 e 2025-2026 (10070-106) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 192.461,36 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 33.402,38 euros.*
- b) *Incrementa a superficie da exposición do Belén en 50 m².*
- c) *Propón a programación de actividades guiadas para centros educativos cun tempo de duración de 50 horas.*

- d) *Achega 10 unidades de elementos ornamentais a maiores que representen figuras locais, a maiores dos 5 elementos paisaxísticos e da arquitectura popular da cidade das exposicións principais, adultos e infantil recollidos no apartado 2.3 do PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(826).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA, DE NOVE POLICÍAS LOCAIS- OEP 2022. EXPTE. 45438/220.

Visto o informe de fiscalización de data 11/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Por acordo de Xunta de Goberno local de data 26/01/2024, foron nomeados como funcionarios en prácticas con cargo ás prazas convocadas de POLICÍA LOCAL, os/as seguintes aspirantes propostos/as polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre, coas maiores puntuacións:

NOME E APELIDOS	DNI
Alvarez Ruzo, G.	***7643**
Otero Ferreiro, C.M.	***8969**
Barreiro de la Campa, M.S.	***8409**
Ruibal Pereiras, A.	***6042**
López Pérez, M.	***9322**
Cobelas Codias, J.	***5972**
Gomez Silva, A.	***7572**
Bea Cacabelos, R.	***2969**
Piñeiro Graña, S.	***1930**

II.- En data 12/01/2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) resolución do 04/01/2024 de convocatoria do curso selectivo para o acceso á categoría de policía, escala básica dos corpos da policía local.

III.- A Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), comunica ao Concello de Vigo en data 11/10/2024, informe coa relación de alumnos que superaron o curso selectivo para o



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1764/1102

acceso á categoría de policía dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 04/01/2024:

NOME E APELIDOS	DNI
Alvarez Ruzo, G.	***7643**
Otero Ferreiro, C.M.	***8969**
Barreiro de la Campa, M.S.	***8409**
Ruibal Pereiras, A.	***6042**
López Pérez, M.	***9322**
Cobelas Codias, J.	***5972**
Gomez Silva, A.	***7572**
Bea Cacabelos, R.	***2969**
Piñeiro Graña, S.	***1930**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación

A) -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que "el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es apli-

cable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

B) No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policías locais, nos términos que estableza unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, promulgouse a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais.

O artigo 51 do referido Decreto, dispón que: *“La superación del curso selectivo es obligatoria para acceder a la categoría de policía. Aquellas personas que ya lo hubiesen superado con anterioridad en la Academia Gallega de Seguridad Pública estarán dispensadas de realizar dicho curso”.*

Pola súa banda, o artigo 55 do mesmo Decreto establece que: *“Una vez que la persona aspirante supere el curso selectivo de que se trate, la persona titular de la Dirección General de la Academia Gallega de Seguridad Pública certificará dicha circunstancia al ayuntamiento, de manera que pueda procederse a su nombramiento como personal funcionario de carrera.”*

C) Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, establecendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1764/1102

ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

a) Superación del proceso selectivo.

b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.

c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.

d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase no artigo 60 da lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia: “...e) *Toma de posesión dentro del plazo de un mes a partir de la publicación del nombramiento o dentro del plazo previsto en la correspondiente convocatoria del proceso selectivo”*

D) No presente caso, a AGASP comunica ao Concello de Vigo en data 11/10/2024, informe coa relación de alumnos que superaron o curso selectivo para o acceso á categoría de policía dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 04/01/2024, que consta en antecedente III de este informe.

II.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.

b) La intervención formal de la ordenación del pago.

c) La intervención material del pago.

d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

IV.- Órgano municipal competente

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Nomear como funcionarios de carreira do Concello de Vigo con cargo ás prazas vacantes de Policía Local, incluídas na OEP 2022, ao seguinte persoal que fora nomeado en prácticas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 26/01/2024, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria, segundo consta no informe da AGASP de data 11/10/2024 incorporado ao presente expediente:

NOME E APELIDOS	DNI
Álvarez Ruzo, G.	***7643**
Otero Ferreiro, C.M.	***8969**
Barreiro de la Campa, M.S.	***8409**
Ruibal Pereiras, A.	***6042**
López Pérez, M.	***9322**
Cobelas Codias, J.	***5972**
Gómez Silva, A.	***7572**
Bea Cacabelos, R.	***2969**
Piñeiro Graña, S.	***1930**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1764/1102

SEGUNDO.- As/os aspirantes nomeadas/os deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia.

TERCEIRO.- Mentras non teña lugar a efectiva toma de posesión, e dende a data do presente acordo, permanecerán en situación de prácticas baixo a correspondente dirección da Xefatura da Policía Local.

CUARTO.- Notificar o presente acordo as persoas interesadas, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Policía Local, a AGASP, e así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez